

**Acta núm. 1/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 17 de xaneiro de 2023.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
José Luis Sampedro Bouzas.
Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 17 de xaneiro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2022, DO 20.12.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) RENUNCIAS A COMUNICACIÓNS PREVIAS.
- 4º) SOLICITUDES DE PRÓRROGAS DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 6º) APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2022, DO 20.12.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20.12.2022, acta núm. 20/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MARÍA GARCÍA GÓMEZ, na que comunica que vai instalar 4 módulos fotovoltaicos na cuberta da vivenda de Aguiar 39, Brión, montados sobre estruturas coplanares paralelas á cuberta e 4 módulos fotovoltaicos colocados sobre unha estrutura inclinada na parcela, para autoconsumo eléctrico doméstico.

A parcela (referencia catastral 6568609NH2466N0001EQ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- Os paneis fotovoltaicos en cuberta serán coplanares a esta.
- .- Os paneis fotovoltaicos na parcela situaranse 3 metros mínimo de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 127,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 191,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ARTURO CAMIÑO VILLAVARDE, na que comunica que vai instalar 12 módulos de paneis fotovoltaicos para autoconsumo na parcela situada na Telleira 10, Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Javier Santamaría Blanco.

A parcela (referencia catastral 9427602NH2492N0001EF) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Os 12 módulos de paneis fotovoltaicos deberán afastarse, como mínimo, a 5 metros do eixo do camiño e a 3 metros dos lindes particulares da parcela.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,17 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 107,74 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADRIÁN BARREIRO CERQUEIRAS, na que comunica que vai construír un peche con poste e base de bloques de formigón, ata unha altura de 0,80 m., con arame por encima, ata unha altura máxima de 1,80 metros; con fronte a dous viais públicos, no lugar de Xinzo 25, Bastavales.

A parcela (referencia catastral 9910613NH3491S0001AJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Os bloques de formigón non poderán quedar á vista, debendo enfusarse e pintarse en tons claros.

.- O peche deberá afastarse, nos lados que da fronte ao viario público, como mínimo a 4 metros do eixo de ámbolos dous camiños.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 176,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 240,57 euros.

TERCEIRO.- RENUNCIAS A COMUNICACIÓNS PREVIAS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA PEREGRINA BARBAZÁN MARTÍNEZ, na que comunica ao Concello a renuncia á autorización concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 09/08/2022, para obras de mellora enerxética da envolvente exterior da vivenda de Vilar 26, Viceso.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo arquitecto municipal no que se sinala que en Vilar 26, Viceso, non se iniciaron as obras para as que se concedeu a autorización, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 09/08/2022.
- 2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 1.735,89 euros.
- 3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de 64,57 euros.
- 4º) Notificar o presente acordo á interesada.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por CELIA MARÍA RÚA GÓMEZ, na que comunica ao Concello a renuncia á autorización concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 24/09/2019, para limpar e pintar as fachadas da vivenda da Urbanización Monte Devesa 24, Os Ánxeles, así como as obras de substitución das tellas en mal estado da cuberta por tella nova, sen alterar o volume actual da mesma.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que na vivenda da Urbanización Monte Devesa 24, Os Ánxeles, executáronse as obras en base á unha autorización posterior concedida pola Xunta de Goberno Local de data 21.06.2022 a nome de Francisco Javier López Otero, para o mesmo feito, e que polo tanto existe duplicidade, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 24.09.2019.
- 2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 100,60 euros.
- 3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de 64,57 euros.
- 4º) Notificar o presente acordo á interesada.

CUARTO. - SOLICITUDES DE PRÓRROGAS DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA MARÍA BEIRAS FREIRE, na que solicita prórroga do prazo do remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Pérros 50, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, con data 09.04.2019, concedeu licenza de obra a Ana María Beiras Freire e Antonio Alberto González Marín, para construír unha vivenda unifamiliar en Pérros 50, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.07.2018 e documentación complementaria visada o 02.01.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por FELIPE SUÁREZ AGRELO, na que solicita prórroga do prazo do remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar e piscina, en Adoufe 19, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, con data 30.01.2020, concedeu licenza a Felipe Suárez Agrelo, para construír unha vivenda unifamiliar e piscina, no lugar de Adoufe 19, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Felipe Núñez Méndez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.05.2019 e documentación complementaria visada o 11.10.2019 e 10.01.2020 (nº expte. 1902478).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por RAQUEL GUNDÍN SÁNCHEZ, na que solicita prórroga do prazo do inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Sabaxáns 86, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, con data 10.10.2019, concedeu licenza a Raquel Gundín Sánchez e Pablo Vázquez Villar, para construír unha vivenda unifamiliar en Sabaxáns 86, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta Mercedes Muñoz Jaureguialzo, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.02.2019 e a documentación complementaria visada o 03.06.2019 (nº expte. 1900912).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por SAMANTHA MARÍA PAJARES GÜETO, na que solicita prórroga do prazo do inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Liñares 63, Brión.

A Xunta de Goberno Local, con data 05.07.2022, concedeu licenza a Samantha María Pajares Güeto e David Noya Suárez, para construír unha vivenda unifamiliar en Liñares 63, Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.06.2022 (expte. núm.2202828).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

QUINTO.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA.

Deuse conta dun recurso de reposición presentado por ANA GARCÍA RIEIRO, contra o oficio da alcaldía do 02/11/2022 (r.s. 202200000002208), polo que se lle da traslado do informe do arquitecto municipal no que se lle require a presentación dun proxecto técnico para instalar un ascensor na Avd. dos Ánxeles 19, Os Ánxeles.

O 10/11/2022, a interesada presenta recurso de reposición alegando en resumo o seguinte: Que o título habilitante para instalar o ascensor no interior da parcela, para salvar o desnivel de 3 metros de altura, é o de comunicación previa, non o de licenza urbanística, tal como indica o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia (actos suxeitos a licenza municipal) e o artigo 2.2 da Lei 38/1999, de ordenación da edificación (obras que deben contar con proxecto), polo tanto non precisa achegar proxecto técnico.

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello de data 11/01/2023, no que se sinala que o criterio do arquitecto municipal non se pode considerar como incorrecto, posto que a existencia dun proxecto técnico que xustifique o cumprimento da normativa técnica e urbanística confire maior garantía á actuación, tampouco se pode deixar de dar a razón á recorrente en virtude dos citados artigos 142.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e o artigo 2.2 da Lei 38/1999, de ordenación da edificación, que non impoñen para este tipo de actuacións a obriga dun proxecto técnico.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello de data 11/01/2023, por unanimidade, acorda:

1º) Estimar o recurso de reposición interposto por Ana García Rieiro, deixando sen efecto o oficio da alcaldía do 02/11/2022 (r.s. 202200000002208), co que se daba traslado do informe

do arquitecto municipal, no que se requiría a presentación dun proxecto técnico para instalar un ascensor para salvar o desnivel de 3 metros existente na parcela da Avd. dos Ánxeles 19, Os Ánxeles.

2º) Tomar coñecemento e autorizar as obras de instalación dun ascensor para salvar o desnivel de 3 metros existente na parcela da Avd. dos Ánxeles 19, Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e sen prexuízo da responsabilidade do arquitecto director da obra de construción da vivenda unifamiliar que se leva a cabo pola interesada na parcela, que deberá ter o seu reflexo na documentación do estado final da obra, e que deberá presentar no Concello para a concesión da licenza de primeira ocupación, na que se xustificará a idoneidade da instalación e a súa conformidade coa normativa aplicable e o planeamento urbanístico.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 234,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 298,99 euros.

SEXTO.- APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.

Pola alcaldía se retira o asunto da orde do día por atoparse o expediente pendente de trámites.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González